



INFORMACIÓN EN MATERIA DE EJERCICIO DE DEREITOS DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS POLOS INTERESADOS

Os datos de carácter persoal recollidos, a partir dos facilitados de forma voluntaria por vostede, incorpóranse a ficheiros automatizados e/ou manuais cuxo titular é o Consello de Contas de Galicia. Teñen carácter confidencial e unicamente serán empregados nas actividades de tratamento que figuran recollidas no inventario de tratamentos que figura nesta mesma páxina, onde vostede pode atopar a información concreta relativa a cada tratamento.

De acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes, vostede ten os seguintes dereitos:

- **Dereito de acceso:** dereito a coñecer se están sendo tratados os seus datos, e información, no seu caso, sobre este tratamento.
- **Dereito de rectificación:** dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos.
- **Dereito de supresión:** dereito a obter a eliminación dos seus datos, nos supostos, e coas limitacións previstos, na normativa vixente.
- **Dereito de oposición:** dereito a opoñerse, a que os seus datos persoais sexan obxecto de tratamento, nos supostos legalmente previstos.
- **Dereito á limitación do tratamento:** dereito a que se limite o tratamento dos seus datos mentres se tramita unha reclamación.
- **Dereito á portabilidade dos datos:** dereito a recibir os datos que proporcionou nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, ou a que sexan transmitidos a un terceiro, nos termos establecidos na normativa vixente.
- **Dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas:** dereito a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, incluída a elaboración de perfís.
- **Dereito a retirar o consentimento:** vostede pode retirar o consentimento outorgado para o tratamento dos seus datos en calquera momento. Isto suporá a supresión dos mesmos, condicionado unicamente á existencia de obrigas legais que o impidan.
- **Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control** (Axencia Española de Protección de datos) ou directamente ante este Consello de Contas de Galicia no enderezo electrónico dpd@contasgalicia.es.

Así mesmo pode exercer os dereitos citados, ademais de no enderezo de correo arriba citado, ante o Consello de Contas de Galicia, rúa Domingo Fontán núm. 7, 15771 Santiago de Compostela.